

RESOLUCIÓN

Orde do 26 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de profesionais da creación literaria galega en residencias literarias fóra de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT215D). DOG núm. 67, do 5 de abril de 2024.

Logo de examinar a proposta de resolución, en relación ás axudas correspondentes a modalidade A da Orde do 27 de febreiro de 2024 e de acordo co disposto no artigos 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de conformidade co artigo 17 da orde de bases e convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro: Conceder as subvencións ás persoas solicitantes e aos proxectos que se relacionan no Anexo I cos importes correspondentes a cada beneficiario.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 23 da orde de bases e convocatoria, as persoas beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez (10) días para a aceptación da subvención, contado desde o día seguinte ao da data de publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Quedarán sen efecto a concesión ás persoas beneficiarias que non acepten a subvención.

Terceiro: Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben impugnarse directamente a través do recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal



Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En todo caso, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza o rexeitamento presunto do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude –P.D.(Orde 28.06.2024, DOG núm 130 do 05.07.2024)

O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez





ANEXO I

SUBVENCIONS PARA A PARTICIPACION DE PROFESIONAIS DA CREACION LITERARIA GALEGA EN RESIDENCIAS LITERARIAS FORA DE GALICIA.

Código de procedemento CT215D

PROXECTO		CONCESIÓN	
Solicitante	Título	Importe solicitado	Concesión (80% do solicitado)
Blanca Trigo Cabaleiro	<i>A cor da corda</i>	1.681,96 €	1.345,57 €
Lúsa Martínez Lorenzo	<i>Caderno de bitácora dunha persoa corrente</i>	2.245,98 €	1.796,78 €
Nerea Pallares	<i>Despois a selva</i>	2.450,00 €	1.960,00 €
M. ^a Obdulia Luís Gamallo	<i>Os negocios son os negocios</i>	1.740,00 €	1.392,00 €
TOTAL		8.117,94 €	6.494,35 €

